# Conta saldada

XERAIS




Título: Conta saldada
Autor: Suso de Toro
Editorial: Xerais
Colección: Fóra de xogo
Nº páxinas: 208
ISBN: 978-84-9121-240-9

# O autor



**Suso de Toro** (Santiago, 1956) é licenciado en Arte Moderna e Contemporánea. En 2003 foille concedido o Premio Nacional de Narrativa. Como narrador publicou: *Caixón desastre* (1983, 1991), relatos, Premio Galicia da Universidade de Santiago; *Polaroid* (1986), relatos, Premio da Crítica Galicia; *Land Rover* (1988), novela; *Ambulancia* (1990), novela; *Tic-Tac* (1993, 2003), novela, Premio da Crítica Española 1994; *A sombra cazadora* (1994), novela; *Conta saldada* (1996, 2017), novela; *Calzados Lola* (1997), Premio Blanco Amor; *Círculo* (1998), relatos; *Non volvas* (2000), novela, Premio da Crítica Española; *Trece badaladas* (2002), novela, adaptada libremente ao cine por Xavier Villaverde co título homónimo (2003) e Premio Nacional de Narrativa; *Morgún (Lobo Máxico)* (2003), novela; *Home sen nome* (2006), novela; *Sete palabras* (2009), novela e *Somnámbulos* (2014), relatos. Escribiu os seguintes libros de xornalismo e ensaio: *F.M.* (1991), *Camilo Nogueira e outras voces. Unha memoria da esquerda nacionalista* (1991), *Eterno retorno* (1996), *Parado na tormenta* (1996), *O país da brétema* (2000, Xerais 2016), *A carreira do salmón* (2001), *Nunca máis Galiza á intemperie* (2002), *Españois todos* (2004), *Ten que doer* (2004), *Outra idea de España* (2005), *Madeira de Zapatero. Retrato dun Presidente* (2007), *Outra Galiza* (2008), *Inmateriais. Vidas da nosa historia* (2013) e *Humildar. Rituais despois de deus* (2017). Publicou ademais a obra de teatro *Unha rosa é unha rosa* (1997) e *Servicio de urxencias* (2002), guións de televisión.

# Resumo argumental

Catuxa é unha rapaza próxima a cumprir dezaoito anos á que se lle aparece o seu pai recentemente morto. A causa oficial do falecemento foi o suicidio, pero o fantasma do pai informará a Catuxa de que en realidade foi asasinado por un contrabandista arousá chamado o Cotelo e na presenza de Castiñeiras, un socio do pai na xestoría.

O espectro do pai descobre tamén a Catuxa a existencia dun irmán. O rapaz, produto dunha relación que a nai de Catuxa descoñece ten aproximadamente os anos dela. O fantasma do pai encoméndalle a Catuxa que, ademais de quedar cunha importante suma de diñeiro que tiña nunha conta apartada, busque o seu medio irmán e lle dea parte deses cartos.

Catuxa busca o irmán, de nome Xermán, quen vive nunha barriada marxinal, e pídelle que a axude a vingar a morte do pai se quere recibir os cartos que aquel lle deixou en herdanza.

Xermán, quen ten contactos no submundo da delincuencia urbana, consegue a arma que lle pedira Catuxa e ambos van na procura do Cotelo para acabar con el. Secuéstrano. Este confésalles que el era un mero intermediario dun home alcumado o Cabuxo, o dono do diñeiro de dubidosa procedencia que, supostamente, roubara o pai de Catuxa.

Cotelo estaba na escena do crime cando asasinaron ao seu pai, pero asegúralles que foi Castiñeiras quen lle deu un golpe cun obxecto contundente e o matou.

Mentres Xermán agarda fóra da casa do Cabuxo, Catuxa entra canda Cotelo. Xa dentro, nun despiste de Catuxa, Cotelo quítalle a arma. De súpeto, Carmucha, a muller do Cabuxo, unha persoa que padece un desequilibrio mental, aséstalle un golpe cunha fouciña ao seu home. Cando chega Xermán á casa, dispáralle ao Cotelo coa recortada que conseguira, mentres aquel se afabana por atender ao Cabuxo.

Os rapaces foxen da escena do crime asustados. Despois sepáranse e quedan para outro día regresaren á xestoría do pai. A través do ordenador, Catuxa informa ao pai de que acabaran co Cotelo. A seguir, escoitan fóra a voz de Castiñeiras ameazándoos. Milagrosamente, hai un curtocircuito, fúndese os fusibles e todo queda ás escuras. Despois comproban que Castiñeiras se electrocutara cun cable e morrera no acto.

Os rapaces regresan ás súas casas e agardan nerviosos que nada os asocie con todas aquelas mortes. Por fortuna, non se atoparán probas de que aqueles dous rapaces tivesen nada que ver cos sucesos.

O pai fora vingado e, aínda que finalmente Catuxa e Xermán souberon por un test xenético que non eran irmáns, entre eles haberíase formar un vínculo que, se cadra na forma doutro tipo de amor, prometía durar no tempo.

# Temas e valores

## A fidelidade e o honor aos mortos

Todo o que lle sucede a Catuxa vén motivado pola súa vontade de vingar ao seu pai.

## Os misterios que se agachan detrás de todas as persoas

O descubrimento de facetas da vida do pai de Catuxa que esta non podía nin sospeitar.

## As diferenzas de clase e ambiente sociocultural

Evidentes nos destinos diferentes de Catuxa e Xermán.

# Actividades

## Antes da lectura

• Observando a portada, de que pensan que trata o libro?

• De onde procede a frase «ser ou non ser», que relación pensan que pode ter coa novela?

## Despois da lectura

• Unha vez coñecida a historia, parécelles que a ilustración da portada recolle ben o espírito da novela? Cómpre que argumenten a súa opinión.

• Como pensan que reaccionarían se de pronto soubesen da existencia dun irmán ou dunha irmá cuxa existenica descoñecían?

## Ficha a1 (antes da lectura)

1. Busca información sobre o autor (entrevistas, declaracións, opinións...) que che permita descubrir cales son as súas motivacións para escribir. Resume aquí as túas conclusións.

2. Bosquexa unha portada alternativa para o libro.

## Ficha d1 (despois da lectura)

1. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

   *Lixivia (páx. 17)*

*Solemne (páx. 18)*

*Angosto (páx. 19)*

*Banzo (páx. 23)*

2. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

3. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

*Soletrear (páx. 24)*

*Degoxo (páx. 24)*

*Xuro(páx. 31)*

*Prosma (páx. 32)*

4. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

5. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.
*Friame (páx. 43)*

*Remorso (páx. 45)*

*Asañada(páx. 47)*

*Inquisitiva (páx. 51)*

*Púcaro (páx. 52)*

6. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible das palabras da pregunta anterior.

# Ficha d2 (despois da lectura)

1. Catuxa sofre, continuamente, os comentarios burlóns e paternalistas de moitos dos homes que aparecen na historia e que a tratan como unha nena polo feito de ser muller. Como cres que se debe lidar con ese tipo de comportamentos tan automatizados en moitos homes?

2. Cres que a diferente realidade socioeconómica de Xermán e Catuxa tivo influencia no seu modo de ser e de comportarse? Razoa a túa resposta.

3. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras:

*Lapela (páx. 71)*

*Ripar (páx. 72)*

*Tixola (páx. 78)*

*Arrebolar (páx. 81)*

*Nimia (páx. 118)*

4. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

5. Coñecías o *Hamlet* de William Shakespeare? Busca información sobre a obra e escribe aquí un resumo do seu argumento e tema principal.

6. Como se chamaba o rapaz que lle gustaba a Catuxa, malia que aquel non parecía fixarse nela?

## Ficha d3 (despois da lectura)

1. O pai de Catuxa morre debido a un golpe cun obxecto. De que obxecto se trataba?

2. Cal pensas que sería a túa reacción se un familiar falecido se puxese, dalgún xeito, en contacto contigo? Escribe aquí a resposta.

3. Se tiveses que escribir un capítulo máis da novela, onde se explicase que sucedería no futuro con Xermán e Catuxa, que escribirías?

4. Cal é o apelido de Catuxa que, segundo se di na novela, significa o mesmo que *hamlet*?




**Pedidos a**

Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15190 A Coruña
Tel.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647

**XERAIS**

Doutor Marañón, 12 • 36211 Vigo
Tels.: 986 214 888 / 986 214 880
Fax: 986 201 366
xerais@xerais.gal
www.xerais.gal

XERAIS

Autor do proxecto de lectura: David Rodríguez Rodríguez